COLABORACIÓNS páxinas 3 a 9
COMPLEMENTARIAS páxina 10 e 11
ESCOLARES páxinas 12 a 18
BIBLIOTECA páxinas 19 a 22
ANPA páxina 23

INVESTIGAMOS ...na clase 5ºA

Nas zonas onde a codia terrestre é máis fina, aparecen gretas e orificios. Cando o magma (as rochas fundidas que hai baixo a codia) chega ata o manto, sae disparado por un dos orificios e fórmase un volcán.
Sabías que tamén hai volcáns noutros planetas? Os científicos cren que en Venus hai volcáns. O mais grande do Sistema Solar está en Marte, chámase Olimpo e sobrepasa os 25 quilómetros de alto, máis do dobre de altura do Everest, a montaña máis alta da Terra.
Fora das Illas Canarias non existen volcáns activos en España, pero hai lugares en que se conservan restos de antigos volcáns. Algunhas destas zonas atópanse no Campo de Calatrava (Ciudad Real), en Garrotxa (Xirona), nas Illas Columbretes (Castelló) e no Cabo de Gata (Almería).
Hai volcáns de moitas formas e tamaños. Algúns teñen forma de montaña, outros son so unha greta no solo. Uns son pequenos e escarpados; outros son coma montañas elevadas, formadas durante anos, con moitas capas de lava e cinza. As erupcións volcánicas tamén son de varios tipos: suaves, case sen forza, ou violentas, que lanzan ao aire toneladas de cinza e de rochas.

Pablo Maril Carregal / Ignacio González Pulleiro

os terremotos

Os terremotos son movementos repentinos da codia terrestre, como tremores ou sacudidas. En realidade prodúcense continuamente pequenos terremotos, tan febles que só se detectan grazas a aparellos especializados.
Pero, ás veces, os terremotos, son máis violentos e producen grandes catástrofes, xa que o terreo se move violentamente e se derruban os edificios.
Un terremoto forte pode facer que varíe a paisaxe dunha zona, que cambie a súa inclinación, que se altere o curso dos ríos, etc.

Manuel Martínez García / Lucía Moure Fernández



as rochas



As rochas son os materiais que forman a parte sólida do noso planeta. Están compostas por minerais. Algunhas, ademais, conteñen restos de animais ou plantas.
As rochas pódense clasificar pola súa cor, pola súa dureza, pola súa utilidade… pero a clasificación máis empregada é pola súa orixe.
As rochas, en función da súa orixe, agrúpanse como magmáticas, sedimentarias e metamórficas.
As rochas magmáticas fórmanse ao solidificar o magma do interior da Terra.
As rochas sedimentarias fórmanse a partir de restos doutras rochas ou a partir de restos de seres vivos.
As rochas metamórficas son as que se crean a partir doutras rochas debido a que aumenta a presión ou a temperatura pero sen que cheguen a fundirse.

Marta Martínez / Eduardo García /Eva González

obradoiro 6ºB

Os alumnos de 6ºB estamos traballando nun obradoiro de Expresión Escrita para mellorar a expresión e para que inventar contos, poesías e facer redaccións...sexa máis divertido.
Co motivo do Samaín e aproveitando que estabamos a traballar a poesía, fixemos un Cadáver Exquisito que consiste en facer unha poesía entre todos escribindo cada neno/a dous versos e tan só podíamos ver o último verso que escribira o noso compañeiro/a. Para iso, íamos dobrando a folla e tapando o primeiro verso.
Como resultado, este Cadáver tan Exquisito.

Bótalle unha ollada...para que vexas qué divertido resulta escribir!

O CADÁVER MÁIS EXQUISITO…

Era unha noite escura
e tiña medo, moito medo.
Púxenme nun rincón,
seguíame o home do saco,
qué fermosa era a súa cara,
tan fermosa como unha pasa,
pero non tan guapa como unha rosa
do xardín da miña tía fermosa,
do que saíu una planta apestosa,
que cheiraba a basura pastosa,
metida nunha gran bolsa
na que había moita roupa.

Toda a roupa era branca e rosa,
coma a que lle dera a súa avoa Daniela.
Daniela, a rapaza mosqueteira,
que non era unha mosqueteira calqueira,
se non a mosqueteira máis fiera,
como unha fermosa princesa
que se ri como unha frambuesa.

Con non moita picardía,
pedinlle unha boa fresa,
e compartímola na mesa.
Na humanidade, temos dignidade,
responsabilidade e bondade.
No mundo sempre haberá
esa xente que canta de felicidade
e todos nos poñeremos a bailar
e con moitas gañas de saltar.

Pim-pam! , apetéceme xogar
todo o día sen parar!
E canto máis traballemos,
máis traballo teremos,
e nunca nos lembraremos de todo o que temos.
Non estudiéi para coñe, ai, ai, ai!!!
vou a suspender…
Miña nai vaime matar,
a miña avoa vaime rematar,
o meu pai caerá e a perna romperá,
e coa perna rota,
remata esta poesía loca.

Sabes agora por qué se chama asi?